



A MOCIDADE COMO MOTOR DE TRANSFORMACIÓN SOCIAL

INFORME DE CONCLUSIÓN

O 27 de novembro de 2020 celebrouse o II Encontro de Participación Xuvenil. Por mor da situación de pandemia pola Covid-19, o evento tivo lugar de xeito online a través de Zoom.

Nel, mozas e mozos entre 16 e 29 anos residentes en Galicia participaron na detección e formulación de propostas de mellora das políticas públicas. A xornada organizouse por EAPN Galicia, en colaboración con EAPN España e a Escola Universitaria de Traballo Social da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

Este II Encontro de Participación Xuvenil deu espazo a unha parte de carácter máis teórico e outra máis práctica mediante o debate en grupos de traballo.

O comezo do evento estivo marcado pola benvinda por parte do director de EAPN Galicia e a directora da Escola Universitaria de Traballo Social da USC. Ambos agradeceron o interese da mocidade por participar nun traballo propositivo de demandas para a transformación social.

A continuación, grupos de traballo conformados de xeito previo ao Encontro, expuxeron as necesidades detectadas nos eidos de [senfogarismo](#), [medio rural](#), [comunidade xitana](#) e [inmigración, pornografía, prostitución e trata sexual](#). Estes grupos de mozas e mozos estiveron integrados por alumnado do Grao en Traballo Social da USC.



CONCIENCIACIÓN E VISIBILIZACIÓN DA SITUACIÓN DE SENFOGARISMO



PERSONA TRABALLADORA SOCIAL DE REFERENCIA NO ENTORNO LOCAL



VIVENDA SOCIAL/HOUSING first




AUMENTO DE ASEOS E PARVILLAS PÚBLICAS



CREACIÓN DE ESPAZOS COMÚNS PARA AUMENTAR A REDE SOCIAL DE APOIO

Este espazo serviu de base para dar a coñecer o traballo xa feito desde Galicia e a nivel Estatal no marco do [Proxecto JovEU](#). Así, o equipo técnico de EAPN Galicia fixo un repaso do traballo previo levado a cabo pola mocidade española nos dous Encontros Estatais de Participación Xuvenil, organizados por EAPN España e celebrados nos anos 2019 e 2020 en Madrid.



Asemade, no marco desta intervención, deuse un espazo para dar a coñecer a consulta posta en marcha a raíz destes Encontros de Participación que ten por obxectivo coñecer as necesidades da mocidade entre 16 e 29 anos en España. Finalmente, a exposición rematou trasladando ás asistentes as vindeiras accións previstas no marco do proxecto: o diálogo estruturado con axentes políticos e sociais para trasladar as propostas de cambio nas políticas públicas que afectan á mocidade.

¿Quiénes hacen política? ¿E incidencia política?



No seguinte espazo deste II Encontro de Participación Xuvenil, tivo lugar o obradoiro 'Ferramentas sobre como incidir politicamente e na sociedade para o cambio social', impartido polo investigador social Joan Bennasar. A formación tivo como obxectivo trasladar unhas nocións básicas sobre o traballo de incidencia política, que serviran de guía para o traballo que posteriormente realizarían no propio evento en grupos de traballo.

Deste xeito, Joan Bennasar explicou a posibilidade de incidencia política como forma de participación cidadá máis aló da profesión política. Así, trasladou como as accións de incidencia atópanse no marco das sociedades democráticas.

No remate da súa intervención, o poñente deu a coñecer o ciclo da incidencia política, influído polo contexto político e as canles habituais de incidencia política, como ferramentas útiles.

De seguido, e como último espazo do evento, deuse paso ao o debate propositivo, eixo central do Encontro. Neste espazo mozas e mozos reuníronse en catro grupos de traballo onde dialogaron para a identificación de problemáticas detectadas e debateron sobre as medidas necesarias para o cambio nos eidos de vivenda, emprego, educación e cultura e ocio.



Os grupos de traballo estiveron dinamizados por persoas mozas voluntarias, permitindo que a actividade tivera como protagonista a participación da propia mocidade. Como resultado deste traballo, achegáronse necesidades e medidas que coincidiron na súa maioría coas sinaladas nos dous encontros Estatais previos.

PROBLEMAS DETECTADOS

No eido da **Vivenda**, atopáronse dificultades no acceso á mesma pola existencia de prexuízos cara a mocidade e estudantes e por motivos raciais e de aporofobia.

Asemade, identificouse unha insuficiencia de vivendas sociais. Nesta liña, tamén se destacou a burocracia como principal obstáculo para o acceso ás mesmas. Esta dificultade, é sinalada como máis significativa para persoas en situación de senfogarismo, sobre todo no tocante ao empadramento.

Por último, determinouse que a mocidade ten dificultades no mantemento da vivenda por mor da desigualdade entre prezos dos alugueres e salarios. Como resultado disto, identifícase unha vulneración do dereito a vivenda recollido na Constitución española.

En canto ao eido do **Emprego**, determináronse varias problemáticas en persoas traballadoras autónomas e por conta allea, así como na educación.

Por unha banda, identificouse as altas cotas a autónomas como causa do peche dos pequenos negocios. Por outra banda, identificouse o baixo nivel de emprendemento en persoas mozas.

Por outra banda, sinalouse a existencia de prexuízos machistas e racistas á hora da contratación, así coma escasas oportunidades para persoas menores en idade laboral e persoas en risco de exclusión social.

Finalmente, identificouse un descoñecemento de dereitos laborais como factor influente na vulneración dos mesmos e a falta de visión transversal dos diferentes factores de exclusión nas formacións de profesións do social.

No eido da **Educación**, detectouse que esta non chega as persoas en situación de pobreza do mesmo xeito que ás que non o están, dificultando a posterior inserción no mercado laboral. Tamén detectouse unha segregación do alumnado en función dos seus resultados académicos e a falta de relacións interxeracionais entre diferentes cursos.

En segundo lugar, identificouse a falta de participación do alumnado na configuración da súa propia educación en tódolos niveis formativos. Asemade, sinalouse un cambio na forma de impartir clases coa chegada da Covid-19, dificultando a comunicación entre profesorado e alumnado. Nesta liña, tamén detectouse un agravamento da fenda dixital no alumnado.

Finalmente, detectouse unha falta de educación que sirva de base para a convivencia e eliminación do bullying.

Para rematar, no eido da **Cultura e Ocio**, tal e como tamén se identificou no último Encontro Estatal, sinalouse o agravamento da fenda dixital na mocidade e a falta de accesibilidade ao ocio por parte das persoas con experiencia en pobreza. Finalmente, destacou a falta de diversidade cultural e referentes culturais racializados na cultura de masas.

PROPOSTAS

VIVENDA

- Fomentar que as persoas senfogar utilicen os servizos sociais comunitarios ou oficinas de correos como enderezo de referencia para recibir notificacións de organismos públicos.
- Facer máis visible o cohousing.
- Adaptar os salarios á variación do prezo dos alugueres que se da entre grandes e pequenos concellos para permitir o mantemento da vivenda.
- Sensibilizar a propietarios/as para que non exista discriminación no acceso á vivenda por razón de orixe, idade ou etnia.
- Aumentar a atención sociosanitaria e a inserción sociolaboral e seguimento continuado das persoas sen fogar.

EMPREGO

- Establecer cotas de traballadoras autónomas en función dos beneficios
- Implementar programas que incentiven o emprendemento das persoas mozas
- Formar á mocidade en dereitos laborais desde o ámbito educativo.
- Implementar programas de emprego dirixidos a persoas menores en idade laboral
- Facilitar unha boa conexión de transporte público desde o rural.
- Establecer convenios entre empresas e entidades sociais para que estas exerzan de mediadoras entre persoas traballadoras e empresarias.
- Modificar os plans de estudo das disciplinas sociais para a formación inclusiva desde a interseccionalidade e evitando a segregación por colectivo.

EDUCACIÓN

- Elaborar os plans de estudo coa participación do alumnado.
- Sensibilizar ás familias sobre o beneficio de actividades dinámicas que permitan valorar as aprendizaxes do proceso e non o resultado final.
- Establecer a reciclaxe na formación do profesorado ao longo de toda a traxectoria profesional con especial incidencia en novos xeitos de impartir clase.
- Fomentar o talento do profesorado mediante premios.
- Frear a segregación do alumnado diverso.
- Fomentar as relacións interxeracionais entre alumnado de diferentes cursos con actividades fóra da aula.
- Implementación de educación emocional desde a infancia.

CULTURA E OCIO

- Facilitar o acceso a internet a través de dispositivos e conexións.
- Formar ás persoas maiores en competencias dixitais.
- Sensibilizar das desigualdades co uso de persoas con influencia na mocidade.